

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda**, por medio dos seus integrantes **Yolanda Díaz Pérez** e **Ramón Vázquez Díaz**, ao abeiro do recollido no artigo 16 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás inversións previstas polo Goberno Galego na Estación de Esquí de Manzaneda.

Exposición de motivos

O Goberno Galego leva acometido unha política de recortes sen precedentes na historia de Galicia, aplicados fundamentalmente en servizos públicos básicos para a cidadanía como son a sanidade, a educación, os servizos sociais, a protección dos desempregados e desempregadas etc...

Mais o pretexto da crise económica, concretado nos axustes orzamentarios aplicados para xustificar o desmantelamento dos servizos públicos, non está a impedir o desbaldimento de recursos públicos postos a disposición de entidades privadas.

Un claro exemplo desta situación atopámola nas actuacións do Goberno Galego na estación de Esquí de Manzaneda, onde leva investido mais de seis millóns de euros de diñeiro público só dende a chegada do presidente Feijoo, nunha instalación que por outra banda, acumula débedas millonarias que alcanzaban os 7,3 millóns de euros no ano 2012.

Estamos a falar por tanto dunha estación de esquí claramente deficitaria, afectada polo incremento das temperaturas e un escaso número de días con precipitacións en forma de neve, que tan só se pode empregar durante uns poucos días do ano, por parte

dunha porcentaxe reducida de galegos e non precisamente aqueles con menos recursos económicos.

De feito o goberno galego leva inxectado inmensas cantidades de recursos públicos ao Grupo Meisa, responsable da xestión da Estación de Esquí de Manzaneda e mesmo tivo que rescatar as instalacións nos anos noventa, converténdose en accionista maioritario dunha empresa pública constituída para tal fin, da que tamén forma parte a Deputación Provincial de Ourense.

A pesar desta situación, o Goberno Galego ten iniciado os trámites para desenvolver un proxecto de innivación artificial para as pistas sen as máis mínimas garantías de viabilidade técnica. Un proxecto que inclúe a construción dunha balsa de almacenamento de auga cunha capacidade de 50.000 m³ coa que alimentar o sistema de xeración de neve artificial para a innivación de 7.187 m de pistas, cunha superficie de 239.050 m² e un orzamento de 12.046.158 € de fondos públicos, dirixido a dotar de canóns de neve artificial.

Estamos a falar doutro proxecto faraónico, dun desbaldimento incomprendible de recursos e dun desprezo ó conxunto da cidadanía que tantas veces ve como se lle nega o acceso a dereitos fundamentais como os medicamentos para doenzas crónicas, servizos esenciais como os comedores escolares ou recursos para acceder a unha vivenda ou un emprego.

Semella que o relato da recuperación que desesperadamente intenta construír o goberno galego, pasa por recuperar os proxectos inviables e as obras ruinosas que en boa medida nos levaron a situación actual, neste caso a través de proxectos como o de Manzaneda, con nula viabilidade non só económica, senón tamén técnica e ambiental. A propia Sociedade Galega de Historia Natural ven de presentar no Rexistro Xeral da Xunta da Galicia, un escrito no que solicita a paralización deste proxecto. Mesmo a Consellería de Medio Ambiente, emitiu no seu día un informe desfavorable en referencia a un plan semellante presentado no ano 2006.



Por estes motivos o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda, presenta a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate no Pleno:

O Parlamento Galego insta ó Goberno Galego a

-Paralizar o proxecto de innivación artificial da Estación de Esquí de Manzaneda e adicar os recursos dispoñibles o fortalecemento do servizos públicos básicos da cidadanía galega.

Compostela, 16 de xaneiro do 2015.

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Ramón Vázquez Díaz na data 16/01/2015 14:47:32

Yolanda Díaz Pérez na data 16/01/2015 14:47:36